

Francesc Catalá-Roca

Proyecto didáctico :



Obxectivos xerais do proxecto didáctico:

- Coñecemento da obra, procesos creativos e linguaxe formal de Francesc Catalá-Roca.
- Iniciación ao medio fotográfico.
- O valor da fotografía como testemuña da memoria colectiva.
- A fotografía como instrumento para coñecermos aos outros e a nós mesmos.
- Análise dos elementos que interveñen nunha composición fotográfica. Valor do encadre.

A exposición que nos presenta a **Fundación Pedro Barrié de la Maza** permitiranos realizar un percorrido pola xeografía española nunha viaxe a través do tempo e da memoria por medio de fotografías, as realizadas por **Francesc Catalá-Roca**.

Francesc percorreu España nunha moto Vespa e nun Seat 600, elaborando guías para “Destino” ou reportaxes fotográficas para “Revista” e a Dirección Xeral de Turismo.

Das súas instantáneas da vida cotiá salientouse a súa particular “cirurxía óptica para converter en trascendental o cotián”, o seu particular punto de vista e contrapuntos que “transforman as súas fotografías en iconas da memoria”.

“Unha fotografía feita para recoñecermos como somos e para recoñecermos aos outros.”

PINTAMOS CON LUZ. Obradoiro didáctico para INFANTIL

Obxectivos didácticos:

- A fotografía como instrumento que nos permite viaxar no tempo. A España da época.
- Iniciación ao coñecemento dos principios físicos (e mecánicos) que posibilitan a imaxe fotográfica.
- Proposta dunha experiencia que de forma intuitiva e participativa permítalle xogar e pór en relación tres dos factores básicos que interveñen na fotografía: **luz, tempo e movemento**.

As salas da **Fundación Pedro Barrié de la Maza** transformaranse nunha Máquina do Tempo que nos permitirá viaxar ao pasado mediante fotografías de gran formato.

Durante a visita á exposición observaremos como eran as persoas, as cidades, os pobos, os coches, as motos, ... a mediados do século pasado.

As dinámicas composicións de Catalá-Roca e as súas instantáneas cotiás converterán a visita ás salas nunha divertida experiencia, pracenteira e participativa.

No espazo do Obradoiro introducirmos nos principios básicos que permiten a obtención das imaxes mediante a **luz**, a **óptica** e a **química**. A “maxia” da fotografía.

Con espellos flexibles, lentes planas con angular e ollo de pez, cámaras de fotos de madeira, negativos de varios formatos, etc. realizaremos experimentos, á maneira de demostracións, que nos introducirán nos elementos básicos que interveñen e permiten a obtención das imaxes fotográficas.

PARA A EXPERIENCIA PINTAMOS CON LUZ NECESITAREMOS A VOSA AXUDA.

PEDIDE AOS VOSOS ALUMNOS E ALUMNAS QUE TRAIAN DA CASA ALGÚN XOGUETE QUE EMITA LUCES, MELLOR SE SON DE CORES. TAMÉN SERVEN PEQUENAS LANTERNAS OU CALQUERA COUSA QUE SE LLES OCORRA, ISO SI, TEÑEN QUE SER PEQUENAS E MANEXABLES CUNHA SOA MAN.



Cos seus xoguetes realizarán determinados movementos no aire que se converterán nun trazado luminoso na fotografía. Pintarán dese xeito coa luz.

Mediante dinámicas baseadas no xogo e na colaboración non competitiva poñeremos en relación a luz, o tempo, o movemento e a imaxe fotográfica.



Os educadores realizaremos as fotografías que se irán vendo a medida que se desenvolva a actividade. Nelas xogaremos coas diferentes velocidades de exposición da cámara, que irán dende a instantánea que conxela o movemento até exposicións de 5 segundos ou máis.

Os participantes realizarán diversas accións que irán repetindo e variando coas diferentes exposicións.

Dependendo da cantidade de luz e do tempo de exposición poderán aparecer eles na imaxe ou só o debuxo trazado pola luz. Se permanecen inmóbiles, unha lanterna poderá pintalos na fotografía.

Canto maior sexa o tempo da exposición máis longos e fermosos serán os trazos luminosos, o debuxo de luz.

Naturalmente o obxectivo da actividade non consiste en buscaren belas imaxes senón en poñeren en relación os factores comentados e que vexan ao momento o resultado.



Remataremos cunha grande composición fotográfica na que participarán todos, pasando por diante da cámara e debuxando coas súas luces de cores.

CADA GRUPO ACUDIRÁ AO OBRADOIRO CUNHA MEMORIA DIXITAL PORTABLE (USB PENDRIVE, SD OU MEMORYSTICK) NA QUE SE LEVARÁN AS FOTOGRAFÍAS OBTIDAS.

Como recordo levaranse un orixinal soporte para as súas fotos: unha caixa de cartón con forma de cámara fotográfica Rolleiflex, unha das cámaras que utilizaba Francesc Catalá-Roca. No visor poderán gardar unha fotografía de 6x6cm.



Proposta para a aula: Imprímense as fotografías obtidas en **Pintar con luz** en diversos tamaños. Con cartolina confeccionamos varias patróns que conteñan un cadrado de 6x6cm. Cada escolar debe reencadrar a fotografía orixinal co patrón (e un lapis). Seleccionará a parte que máis lle goste. Recórtase e colócase na **Cámara-Portafotos**.

FOTODINÁMICAS: debuxos da luz en movemento. Obradoiro didáctico para PRIMARIA

Obxectivos didácticos:

- A fotografía como instrumento que nos permite coñecer a realidade a través do tempo. A España da época.
- Iniciación ao coñecemento dos principios físicos (e mecánicos) que posibilitan a imaxe fotográfica.
- Proposta dunha experiencia que dun xeito intuitivo e participativo lles permita xogar e pór en relación tres dos factores básicos que interveñen na fotografía: **luz**, **tempo** e **movemento**.
- Introdución aos elementos básicos que interveñen nunha composición: diagonais=profundidade, contrastes luz-sombra, simetría.
- Aprendizaxe da lectura do espazo simbólico da imaxe fotográfica e o seu significado.

Durante a visita á exposición na **Fundación Pedro Barrié de la Maza** adentrarémonos na historia da man de **Francesc Catalá-Roca**.


As súas dinámicas composicións e as súas instantáneas cotiás converterán a visita ás salas nunha divertida experiencia, amena e participativa.

No espazo do Obradoiro introducirmos nos principios básicos que permiten a obtención das imaxes mediante a **luz**, a **óptica** e a **química**. A “maxia” da fotografía.

Con espellos flexibles, lentes planas con angular e ollo de pez, cámaras de fotos de madeira, negativos de varios formatos, etc. realizaremos experimentos, á maneira de demostracións, que nos introducirán nos elementos básicos que interveñen e permiten a obtención das imaxes fotográficas.

Para **Fotodinámicas: debuxos da luz en movemento**

Cada grupo traballará en equipo para realizar un debuxo con luz, no aire. Terán que compor o deseño primeiro con lapis e papel. Despois exercitarán e coordinarán os movementos necesarios para realizar o debuxo. Calcularán o tempo que lles levará executalo. Ao cabo realizaremos a fotografía.



Como resultado obterán un debuxo feito con luz, obtido mediante procedementos fotosensibles.

CADA GRUPO ACUDIRÁ AO OBRADOIRO CUNHA MEMORIA DIXITAL PORTABLE (USB PENDRIVE, SD OU MEMORYSTICK) NA QUE SE LEVARÁN AS FOTOGRAFÍAS OBTIDAS.

Como recordo levaranse un orixinal soporte para as súas fotos: unha caixa de cartón con forma de cámara fotográfica Rolleiflex, unha das cámaras que utilizaba Francesc Catalá-Roca. No visor poderán gardar unha fotografía de 6x6cm.



Proposta para a aula: Imprímense as fotografías obtidas en **Pintarmos con luz** en diversos tamaños. Con cartolina confeccionamos varios patróns que conteñan un cadrado de 6x6cm. Cada escolar debe reencadrar a fotografía orixinal co patrón (e un lapis). Seleccionará a parte que máis lle guste. Recórtase e colócase na **Cámara-Portafotos**.

As máis das cámaras dixitais compactas actuais dispoñen da posibilidade de controlar o tempo de exposición. Antes só era posible nas cámaras réflex. Seguindo unhas sinxelas indicacións calquera participante na experiencia poderá repetila pola súa conta cunha simple cámara dixital.

RETRATANDO VIGO. Obradoiro didáctico para ESO

En 1955 Francesc Catalá-Roca postula a súa teoría: “A fotografía capta e é subtractiva. Capta a realidade tal como é. A pintura crea, engade á realidade, é aditiva”.

A súa fotografía “nace da observación directa do contorno, coas regras xeométricas que impón o visor da cámara”.

Na sala afondaremos na linguaxe formal de Catalá-Roca: uso das diagonais para xerar profundidade, elementos que rachan o encadre e nos introducen na escena achegando dinamismo, na procura de contraluces que achegan grafismo á imaxe, sombras proxectadas cara ao espectador, etc.

Aquí trataremos as normas básicas de composición:

-Compor consiste en dispor todos os elementos do encadre de maneira que acaden a maior expresividade posible. A representación do espazo é unha construción ideolóxica. O visor non selecciona senón que organiza.

-Regra dos terzos. Liña de forza+Liña de interese.


-O punto capta a nosa atención e relaciónase de xeito visual con outros polo que poden formar estruturas visuais complexas creando ritmos compositivos.

-As liñas diagonais rachan a monotonía e achegan dinamismo á composición, se traspasan o encadre evocan acción, poder para superaren os obstáculos. As horizontais suxiren paz, descanso, serenidade... As verticais indican forza, autoridade, dignidade... As liñas curvas transmiten as ideas de fluidez e sensualidade. As composicións circulares e en movemento comunican sensacións de exaltación, embriaguez e ledicia.

-Valores simbólicos do encadre: Picados e contrapicados

É coñecida a anécdota de que Catalá-Roca utilizaba para reencadrar as súas imaxes unha simple caixa de mistos. Con este obxecto adaptaba os seus formatos cadrados orixinais a rectangulares, para publicar en libros ou revistas.

Durante a visita á exposición os participantes levarán unha diapositiva que utilizarán como visor. Con ela poderemos reencadrar (visualmente) as fotografías de Catalá-Roca e logo no espazo do obradoiro poderemos comparalos cos reencadres propostos por Catalá.



Este sinxelo exercicio faranos valorar a importancia do encadre, os factores que nel interveñen e o seu valor simbólico.

Tamén poderemos observar a realidade social, política e económica da España retratada por Catalá. Analizaremos, aproveitando a ocasión, o papel da fotografía como vehículo para a historia.

Todo reporteiro fotógrafo é consciente que no momento de acometer a encarga de fotografar unha poboación hai que ter moi presente o feito de que as imaxes que seleccionen configurarán a imaxe que o espectador terá dese lugar. Para Catalá-Roca esta decisión débese realizar sobre a observación directa, ao pé da rúa, sen ideas nin xuízos preconcebidos. Comeza dende o momento en que situamos a nosa cámara en determinado lugar e prememos o disparador en determinado momento. Ese instante decisivo conxelarán o espazo e o tempo en forma de instantánea fotográfica.

Dicía Giralt-Miracle que “a súa fotografía nacía de pasear e de mirar a paisaxe, sempre ía a pé”. Esperaba o instante (...), que o momento da luz, o espazo e o tempo coincidisen”.

Neste sentido tense dito que Catalá-Roca buscou de maneira intuitiva o que, case ao mesmo tempo, Cartier-Bresson chamou “instante decisivo”.

“Unha fotografía feita para recoñecermos como somos e para recoñecermos aos outros.”

No espazo do Obradoiro centraremos as nosas reflexións en recoñecer como somos.

Polo tanto, a cidade de **Vigo** e a súa área metropolitana serán o pano de fondo natural onde se desenvolverá a experiencia didáctica.



Para conseguir a implicación emotiva óptima e que os traballos desenvolvidos establezan unha “fluída conexión coa memoria sentimental” a cidade de Vigo ha de ser o fondo e o tema de reflexión.

Retratando Vigo realizará unha reportaxe fotográfica pola cidade na que serán retratadas prazas, rúas, edificios, xardíns, etc. nos que tentaremos buscar tomas “de estilo Catalá-Roca”, que sirvan de espazos de fondo e permitan establecer contrapuntos interesantes. Deixando sempre espazo para que o enchan os participantes na experiencia didáctica. Nalgúns casos utilizarase unha videoproxección como fondo, para incrementar a sensación de estar ao pé da rúa, paseando e buscando o momento decisivo, como Catalá.

Estas imaxes estarán dispoñibles en forma de catálogo. Serán os fondos, o contexto.

O espazo do obradoiro presentará dous grandes escenarios nos que traballaremos os diferentes equipos.

Uns traballarán con series de fotografías que servirán de fondo, de contexto. Outros fronte a grandes caixas de luz, coas sombras proxectadas cara o espectador. Uns terán que deseñar unha posta en escena “naturalista” na que se estableza un diálogo entre o fondo (os seus contidos) e as personaxes, a relación entre suxeito e contorno, ofrecendo contrapuntos e anécdotas.

Dispoñerán dun variado repertorio con elementos de *atrezzo* (dende obxectos a disfraces pasando por perrucas de cabelo natural) e decorado, que inclúe unha Columna de Anuncios na que colocarán carteis publicitarios que lles proporcionen asociacións divertidas.

Cada membro do equipo participará no “guión” da escena, actuará e realizará unha fotografía. Os membros do equipo que actúen de figurantes terán que estar en constante movemento (isto non implica necesariamente moverse ou correr, senón “estar facendo algo”). Quen realiza a fotografía estará de pé e terá necesariamente que se mover para buscar o mellor encadre. Disporá dun tempo limitado. O equipo terá un tempo máximo para que cada un realice a súa fotografía.

As fotografías han de ter en conta todos os conceptos relacionados coa composición (formais e simbólicos) que analizamos na sala.



Unha vez realizadas todas as fotografías procederán ao Exercicio de Reencadre:



Serviranos para lembrar os elementos que interveñen nunha composición fotográfica: O uso de diagonais que acheguen profundidade á imaxe. Elementos que entran dende un lateral nun primeirísimo plano, cortados, que achegan dinamismo, introducennos na escena. Os obxectos dentro do cadro formando un ritmo visual que fai que a nosa vista percorra a imaxe dun modo natural e instintivo. Por último a veracidade documental que a frescura das súas instantáneas reflicte e que facilita o recoñecemento, a identificación, por parte do espectador.

As fotografías serán impresas en branco e negro a tamaño 66x88mm. A proporción deste formato vén dada pola cámara dixital. Cun patrón de 60x60mm teremos que reencadrar a fotografía.

O conxunto dos traballos resultantes tomará a forma da Reportaxe Fotográfica.

A fotografía resultante a colocarán sobre un orixinal soporte: unha caixa de cartón con forma de cámara fotográfica Rolleiflex, unha das cámaras que utilizaba Francesc Catalá-Roca. No visor poderán gardar a súa fotografía.




CADA GRUPO ACUDIRÁ AO OBRADOIRO CUNHA MEMORIA DIXITAL PORTABLE (USB PENDRIVE, SD OU MEMORYSTICK) NA QUE SE LEVARÁN AS FOTOGRAFÍAS OBTIDAS.

RETRATANDO VIGO ESTEREOSCÓPICO. OBRADOIRO didáctico para BACHARELATO e CICLOS FORMATIVOS

Queixábase Catalá-Roca en moitas ocasións de que o século XX sería lembrado en branco e negro. Unha acertada apreciación posto que a pintura nos facía lembrar os séculos anteriores en cor. Francesc utilizou a cor en moitas ocasións (case sempre obrigado polo cliente) aínda que sempre mostrou predilección polo branco e negro, que lle permitía ademais intervir directamente no proceso de revelado e positivado.

A fotografía estereoscópica achega á imaxe fotográfica un grao maior de realidade, de verismo. Mais ao mesmo tempo evidénciase aínda máis a súa natureza mecánica e o artificio óptico que recolle a luz.



Aínda que Catalá-Roca non practicou a fotografía estereoscópica (e probablemente a rexeitase) a encontramos especialmente interesante como recurso para a análise e construción do espazo na fotografía. Trátase de analizar e confrontar o espazo real, o obtido mediante unha fotografía convencional e mediante unha tridimensional. A técnica do *cross-eye* permítenos observar a perfección ou defectos dunha composición e doutras composicións posibles.

Para ver unha fotografía estéreo tradicionalmente utilizábase un aparello composto por un visor binocular e un soporte para dúas fotos separadas por un pequeno tabique, situadas a determinada distancia. A experiencia deste tipo de imaxe tridimensional era, polo tanto, unipersonal e requiría dun aparello.

A nosa proposta de fotografía tridimensional estereoscópica non require máis aparello có ordenador, e ambas as dúas imaxes fúsiónanse nunha soa en movemento.



Utilizaremos o programa **GIMP** (software libre de código aberto) para realizarmos unha imaxe estereoscópica mediante a animación de dúas fotografías.

Para o desenvolvemento da actividade dispoñemos de todos os recursos conceptuais, técnicos e materiais de **Retratando Vigo**.

CADA GRUPO ACUDIRÁ AO OBRADOIRO CUNHA MEMORIA DIXITAL PORTABLE (USB PENDRIVE, SD OU MEMORYSTICK) NA QUE SE LEVARÁN AS FOTOGRAFÍAS OBTIDAS.

RETRATOS DE LUZ. Obradoiro didáctico para FAMILIAS

Realizarase un retrato de familia por cada participante.

A actividade baséase no obradoiro Pintarmos con luz. Dispoñemos de todos os recursos técnicos e materiais utilizados nos obradoiros para Infantil e Primaria.

As fotografías obtidas serán impresas en cor e, coa axuda dos maiores, teremos que as reencadrar (en formato 6x6cm) para máis adiante as colocarmos no orixinal portafotos que deseñamos.

Como recordo vos levaredes un orixinal soporte para as vosas fotos: unha caixa de cartón con forma de cámara fotográfica Rolleiflex, unha das cámaras que utilizaba Francesc Catalá-Roca. No visor poderedes gardar a fotografía de 6x6cm.



PODEREDES LEVAR TAMÉN A IMAXE DIXITAL. PARA ISO TRAEDE AO OBRADOIRO UNHA MEMORIA DIXITAL PORTABLE (USB PENDRIVE, SD OU MEMORYSTICK).

PINTARMOS CON LUZ. Obradoiro didáctico para COLECTIVOS DE INTEGRACIÓN

A actividade baséase no obradoiro **Pintarmos con luz**. Dispoñeremos de todos os recursos técnicos e materiais utilizados nos obradoiros para Infantil e Primaria.

Como recordo levarán un orixinal soporte para as súas fotos: unha caixa de cartón con forma de cámara fotográfica Rolleiflex, unha das cámaras que utilizaba Francesc Catalá-Roca. No visor poderán gardar unha fotografía de 6x6cm.